



Concello de Campo Lameiro

## BANDO

### USO DE AUGA NO NÚCLEO DE CAMPO LAMEIRO

Este Concello está a comprobar un **consumo excesivo de auga no servizo de abastecemento de auga do caso urban de Campo Lameiro**, motivado, por unha parte polo maior consumo de auga en época estival, e por outra no inadecuado uso que se ven facendo de tan limitado ben – como son o enchido de piscinas e o rego de xardíns e de fincas, entre outros – **usos que non están permitidos na Ordenanza reguladora do servizo.**

O Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, as Ordenanzas en vigor e a propia Constitución Española, facultan ao Concello para adoptar calquer medida que xulque convinte para evitar os abusos que cometan os aboados no consumo da auga potable domiciliaria.

Por todo isto, se informa á poboación e usuarios/as do servizo:

1º.- Que o uso da auga é **exclusivamente para consumo doméstico**, quedando **prohibido** encher as piscinas de calquer tipo, o rego de xardíns e de fincas de labranza, o lavado do vehículos de toda clase así como calquer outro uso que non sexa o propio servizo de auga para as vivendas.

Polo tanto, soio se autoriza o uso doméstico de auga, consistente na distribución de auga a inmobles destinados á vivenda donde a auga se use básicamente para atender ás necesidades da vida cotidiá; e soio para as vivendas, e edificios públicos.

Os/as abonados/as non poderán usar, baixo ningún pretexto, o auga para usos distintos ós que foron autorizados.

2º.- Queda terminantemente **prohibido o rego de xardíns así como de fincas privadas, e queda terminantemente prohibido o recheo con auga pública de toda clase de piscinas privadas**, fixas ou móbiles.

3º.- Queda terminantemente prohibido o lavado de vehículos e a utilización de auga en xeral para outros fins que non sexan os domésticos.

Concello de Campo Lameiro



## Concello de Campo Lameiro

---

4º.- Advertir aos/ás usuarios/as de que, quen infrinxa o previsto no presente bando, incurrirá en falta administrativa.

E que o incumprimento deste BANDO pode ser sancionado coa imposición das correspondentes multas.

Sen perxuízo das responsabilidades de distinto orden, este Concello, previa tramitación do correspondente expediente, poderá suspender o subministro de auga potable por uso distinto da auga, e despois de seres advertido/a o/a usuario/a.

5º.- En último extremo, se a situación continuara, teránse que adoptar medidas de **restricción horaria do consumo de auga no casco de Campo Lameiro para todos/as os/as usuarios/as**.

Aos efectos de comprobación das medidas sinaladas no presente Bando, levaranse a cabo inspeccións de control e seguimento do uso da auga.

### **6º.- MEDIDAS DE CONTROL E AFORRODE AUGA:**

Pequenas accións que dan lugar a grandes resultados:

1. Pecha o grifo mentras te enxabonas as mans, te afeites ou te laves os dentes. Un grifo aberto consume hasta 12 litros de auga por minuto.
2. Dúchate en lugar de bañarte, e pecha o grifo mentres te enxabonas. Aforrarás 150 litros de media cada vez.
3. Non uses o inodoro como cubo de lixo. Coloca unha papeleira de aseo. Aforrarás de 6 a 12 litros de auga cada vez que vacíes a cisterna.
4. Utiliza a lavadora e mais o lavalouzas coa carga completa e o programa adecuado. Ao lavar a man consumes un 40 % máis de auga.
5. Repara os grifos. Evita que goteen. Aforrarás unha media de 170 litros de auga ao mes.
6. Se é posible, utiliza cisternas de dobre carga, para usar soio o auga que necesites. Podes reducir o consumo de auga á metade.
7. Non uses as mangueiras de auga para baldear beirarrúas, patios, garaxes, alpendres e/ou vehículos.
8. Ponte en contacto con este Concello para comunicar calquier perda de auga que detectes.

**CONTAMOS COA TÚA COLABORACIÓN PARA EVITAR OS CORTES PUNTAIS NO SUBMINISTRO DE AUGA E AS POSIBLES SANCIONS**

---

Concello de Campo Lameiro



## **Concello de Campo Lameiro**

---

POR USOS IRRESPONSABEIS.

O que se fai público para xeral coñecemento e demais efectos.

Campo Lameiro a 3 de agosto de 2020.

O alcalde. Asdo: CARLOS CASTA DOMINGUEZ